

2018

RESUMO INFORME ANUAL

# RACISMO E XENOFOBIA EN GALICIA

[WWW.SOSRACISMOGALICIA.ORG](http://WWW.SOSRACISMOGALICIA.ORG)

SOBREVIVIR  
NON É DELITO



## 1. Introducción

Desde 1995, a Federación de Asociacións de SOS Racismo do estado español vén analizando a situación do racismo e a xenofobia en España e en Europa, mostrando as diferentes tipoloxías e espazos onde se manifesta a través da elaboración dun Informe Anual.

É en 2014 que SOS Racismo Galicia, se reconstitúe na Coruña de mans dunha nova Xunta Directiva e comeza a formar parte da Federación de Asociacións de SOS Racismo do Estado español, participando na elaboración do Informe anual sobre Racismo e Xenofobia a nivel Estado.

A primeira fonte para a elaboración do Informe Anual constitúena as vulneracións e denuncias que se recollen nas Oficinas de Información e Denuncia (OID) en Galicia (A Coruña e Vigo) e que corresponden a diferentes tipos de discriminación por motivos racistas ou xenófobos: discriminación laboral, no acceso a servizos públicos, no acceso a vivenda, etc.

Durante o ano 2018 recolléronse un total de 96 vulneracións de dereitos, das cales destacan polo seu volume as correspondentes ao racismo institucional (tanto directo como indirecto) e os abusos de forzas de seguridade pública ou privadas. As 96 denuncias teñen nomes e apelidos, son persoas que viron violentados os seus dereitos por cuestións como os seus rasgos fenotípicos, orixe, relixión ou etnia. Unha parte destas vulneracións foron obxecto de procedementos xudiciais que en moitos casos rematarán de maneira insatisfactoria para a persoa denunciante. Isto é porque se xa resulta difícil que un órgano xudicial aprecie o agravante de racismo nunha acción delituosa, conseguir a reparación da vítima ante actuacións discriminatorias no ámbito privado ou das relacións laborais é un labor complicado que require ferramentas legais e eficaces coas que non contamos hoxe en día.

Colabora



CORUÑA  
>PRÓXIMA

SOBREVIVIR  
NON É DELITO




A pesar de que dispoñemos da posibilidade de rexistrar casos de discriminación desde calquera lugar de Galicia a través da nosa páxina web ([www.sosracismogalicia.org](http://www.sosracismogalicia.org)), o certo é que a implantación territorial e os propios medios cos que conta cada unha das oficinas de Galicia condiciona o número de casos recollidos. E por iso que a alteración estatística de casos recollidos en A Coruña fronte ao resto de provincias é notablemente moi superior, ao ser a única localidade que durante o 2018 contou con aportación económica a través do Concello da Coruña para este servizo.

Sen pretender, por tanto, ofrecer un estudo cuantitativo do número de incidentes discriminatorios producidos en Galicia durante o ano 2018, cremos que a mostra de 96 casos que ofrecemos a continuación supoñen un reflexo cualitativo da discriminación nas súas diferentes tipoloxías, que axuda a nos aproximar a unha realidade que transcende o ámbito penal dos delitos de odio e que resulta imposible cuantificar con precisión.

## 2. Principais resultados

**Tipos de discriminación rexistrados nas OID.** Tal como se desprende do seguinte gráfico, a maior parte das denuncias que chegan ás OID de SOS Racismo Galicia teñen que ver co racismo institucional (60): Dentro desta categoría enmarcamos a discriminación no acceso a servizos públicos (23), o racismo institucional levado a cabo desde as oficinas de estranxeiría (20) e outras (17). Séguenlle as vulneracións de dereitos enmarcadas nas seguintes categorías: extrema dereita ou discurso do odio (10), discriminación no acceso a servizos privados (8), discriminación laboral (6) o igual que os casos por discriminación e condutas xenófobas entre particulares (6), seguido moi de cerca, dos abusos das forzas de seguridade públicas (5).


Colabora



CORUÑA  
>PRÓXIMA

# SOBREVIVIR NON É DELITO

## Discriminacións según tipoloxía




Dos diferentes aspectos que engloba o racismo institucional, recolleamos todos aqueles casos relativos á discriminación tanto directa como indirecta no acceso a dereitos sociais, trámites de estranxeiría, nacionalidade. Este tipo de discriminacións presentan un incremento moi significativo referente a anos anteriores.

Así, a discriminación indirecta na normativa de acceso os dereitos sociais (sanidade, educación, recursos sociais...) e o trato discriminatorio ou de vulneración de dereitos por parte de funcionariado público, foron obxecto de abundantes denuncias nos datos recollidos correspondentes a este último ano.

Colabora

# SOBREVIVIR NON É DELITO

## Discriminacións según ámbito



O racismo e a xenofobia á hora de realizar actos tan cotiás como alugar unha vivenda, abrir unha conta bancaria, ou desfrutar do tempo de lecer indo de compras ou tomando un café, segue a ser un dereito limitado para as persoas racializadas ou migrantes. Aínda que moi por detrás do Racismo Institucional, a discriminación no accesos a servizos privados supuxo un 4 % dos casos recollidos durante 2018.


As denuncias recollidas por agresións racistas ou xenófobas durante o 2018 foron dun total de 6, fronte aos 5 casos recollidos en 2017, 4 no 2016 e outros 4 en 2015.

Colabora


### 3. Idade, orixe, situación administrativa e xénero.

En canto á idade, tan só tres persoas eran menores de 18 anos. Para estudar a orixe das persoas denunciadas tívose en conta a representación de cada continente respecto da poboación estranxeira en xeral. A este respecto, as persoas procedentes de Sudamérica, seguida das procedentes do Africa Subsahariana, serían o colectivo que máis consultas de asesoramento presento nas OIDs.

Discriminacións según procedencia



Discriminacións según situación administrativa



A situación administrativa é outro elemento importante á hora de analizar estes datos, pois inflúe notablemente, sobre todo nos casos de racismo institucional. A maioría son persoas en situación irregular (60). Dun total de 96 casos recollidos, 18 afectaban a persoas en situación regular e 11 eran persoas racializadas de nacionalidade española. O anterior vén ratificar o feito xa constatado en anteriores

informes de que a irregularidade é un elemento que contribúe a sufrir unha maior vulneración de dereitos ou discriminación pola situación de maior vulnerabilidade fronte ó resto da cidadanía.

Pola implicación que isto supón para a análise e propostas de intervención, neste informe tentamos estudar a variable xénero en cada un dos tipos de discriminación. En termos xerais o número de denuncias recollidas afecta máis á poboación masculina (51%), constituíndo as mulleres o 34% dos asuntos

Colabora

# SOBREVIVIR NON É DELITO

recollidos. Hai que ter en conta que o 15% dos casos recollidos afectan tanto a homes como a mulleres por tratarse de discriminacións colectivas.


Porén, no ámbito do abuso por parte de corpos de seguridade pública atopamos que a representación feminina é a máis violentada.

## 4. Percorrido xudicial dos casos.

Non todos os casos que se recollen nas OID van ter unha resposta xudicial, ben porque o tipo de denuncia recibida non busca unha reparación senón máis ben deixar constancia dun feito que se considera contrario ao principio de igualdade de trato, ou ben porque a vía xudicial non é a máis axeitada para a súa resolución.

Na clasificación que SOS Racismo Galicia realiza dos casos que poden ser obxecto dalgún tipo de actuación temos asuntos xudicializados e non xudicializados. Respecto dos primeiros é importante sinalar que este termo abrangue denuncias que obtiveron algún tipo de acordo e que, por tanto, ou ben non chegaron a entrar nos xulgados ou ben se chegou a un trato entre as partes

### Metodoloxía de intervención ou resolución do conflito



Colabora

SOBREVIVIR  
NON É DELITO



trala interposición dunha demanda. O ámbito xudicial pode ser o penal, o civil, o social ou o contencioso-administrativo.

Por outra banda, os asuntos que non son propiamente xudicializados, poden tratarse de vulneracións recollidas por entidades colaboradoras como por persoas que o poñen en coñecemento das OID, asistindo á oficina ou vía internet.

De tódolos xeitos, debemos ter en conta que moitas das persoas que sofren cada día o racismo e a **xenofobia non denuncian estes conflitos por múltiples razóns**: medo, racismo institucional, situación administrativa, normalización, represalias, descoñecemento de dereitos ou pola idea xeralizada de que a denuncia non vai ter efectos ou non vai solucionar o problema concreto, entre outros motivos. Hai que ter en conta tamén a variábel de xénero, pois atópanse moitas veces nunha situación máis vulnerábel polo mero feito de seren mulleres tendo máis complicado denunciar. Outras persoas, pese a si dar a coñecer o caso ante asociacións do ámbito, non queren realizar ningunha acción de restauración do dano.

En ocasións, a persoa denunciante manifesta expresamente que non desexa seguir pola vía xudicial por medo a posibles contradenuncias no caso penal, ou polo desgaste psicolóxico e emocional, e as situacións de revictimización ao ter que xustificarse caendo a carga da proba sobre ela, ou incluso pola normalización deste comportamentos ou actitudes.

En resumo, as dificultades na interposición dunha denuncia por vía xudicial son derivadas da actitude do denunciante pero tamén hai dificultades de orde procesual ou administrativo que deberan de corrixirse de cara a aumentar o baixísimo índice de denuncias que se realizan por actuacións discriminatorias.

Así as cousas, o número total de casos nos que se realizou algún tipo de actuación a maiores do asesoramento ascende a 80 casos, dos 96 recollidos en total. Segundo o asunto do que se trate e a escolla da persoa que denuncia a situación, temos varias canles de resolución do conflito:

Hai 32 asuntos nos que se acudiu á vía administrativa como vía de posíbel reparación ou solución do conflito. Tamén, en 25 casos se realizaron mediacións deixando a vía xudicial civil en terceiro lugar, con 9 dos 96 casos

Colabora



CORUÑA  
PRÓXIMA





totais. Case un 10% dos asuntos foron denunciados ante a Valedora do Pobo, provocando nun deles unha mudanza na normativa de acceso a un servizo público.

Colabora



**XUNTA  
DE GALICIA**



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



**CORUÑA**  
**>PRÓXIMA**

SOBREVIVIR  
NON É DELITO



FICHA TÉCNICA.

Dirección:

SOS Racismo Galicia

Redacción:

Patricia Martínez Pino

Sabrina Soledad Bequir

Zorahaida Casales Alonso

**SOS Racismo Galicia**



Rua Alcalde Lens, 34 1º C

15010 A Coruña.



Avda Martínez Garrido 27

36205 - Vigo



(+34) 698 163 742



(+34) 678 811 714



[info@sosracismogalicia.org](mailto:info@sosracismogalicia.org)



[vigo@sosracismogalicia.org](mailto:vigo@sosracismogalicia.org)

Colabora



XUNTA  
DE GALICIA



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



CORUÑA  
>PRÓXIMA